



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE SOBER PARA A REMODELACIÓN DA PRAZA DO CONCELLO E DA SÚA CONTORNA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

1.- ANTECEDENTES.-

A colaboración entre este departamento e o concello de Sober enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo.

O concello de Sober solicita deste departamento axuda para executar as obras de “**remodelación da praza do concello e da súa contorna**”, situada no núcleo urbano.

Constitúe o obxecto da actuación a reordenación do espazo urbano formado pola praza do Concello e as rúas do comercio, a avenida de Belán e a estrada a Monforte.

Preténdese desenvolver unha actuación que abarca a mellora de accesibilidade do espazo público para os peóns, reorganizando o tráfico da zona para ganar zonas libres de tránsito de vehículos, conectar a alameda existente coa praza sen cruzar as vías para vehículos e en xeral favorecer un urbanismo máis sostible e accesible encamiñado á mellora da utilización da zona, tanto en termos de infraestruturas e comunicación como económicos da actividade que se poida xerar. No contorno da praza sitúanse baixos e locais comerciais sen ocupar, e que mediante esta actuación se pretende impulsar a área para un crecemento comercial, ademais de favorecer a realización de eventos públicos nesta praza.

II.- Actuacións a desenvolver:

- Mellora da rede de saneamento e auga potable.
- Canalizacións de rede de electricidade e telecomunicacións, etc..
- Accesibilidade: eliminación das barreiras arquitectónicas existentes coa implantación de pavimentación axeitada ao uso peonil e adecuación do ámbito á lexislación de supresión de barreiras, e ampliación do espazo peonil da praza, xardíns e beirarrúas.
- Iluminación: Modernización dos sistemas de iluminación urbana, axeitada ao novo uso do espazo público.
- Axardinamento e recuperación ambiental, cun mobiliario urbano con superficies de madeira.

O desenvolvemento das actuacións implicará a supresión da parte da estrada de Canaval que cruza a praza ata a rotonda coa estrada de Monforte, de xeito que se poda unir o espazo peonil da praza coa Casa Consistorial e a alameda, reordenando a circulación no perímetro da praza. En xeral, do que se trata é de organizar o tráfico ampliando as zonas de estancia e pasos para os peóns, e adecuando o espazo urbano e o mobiliario a este uso.

2.- RAZÓNS DE OPORTUNIDADE.-

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: “**Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma**”.



O feito de que as dotacións que son obxecto do presente convenio, constitúen un equipamento necesario para o concello de Sober e a concorrencia dos obxectivos de ámbalas dúas administracións asinantes para dar solución ás carencias de equipamento citadas, aconsella a subscripción deste acordo, para levar a efecto as actuacións necesarias para a execución das obras e a súa posta a disposición do uso público.

Nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación. A competencia para o desenvolvemento destas actuacións, está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería “*A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial*”.

3.- OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN.-

A finalidade do convenio é establecer as bases de actuación das partes asinantes, regular as obrigas que cada unha asume e establecer o marco xurídico-administrativo das súas intervencións.

Co desenvolvemento das cláusulas convidadas chegarase a execución das obras necesarias para conseguir que o concello de Sober dispoña de espazos públicos acondicionados, en condicións axeitadas para a prestación do servizo público. Con iso conseguírase unha maior calidade de vida da poboación residente e da sociedade en xeral.

Por todo isto, ao considerar debidamente xustificada a necesidade das actuacións previstas, propónse a sinatura dun convenio de colaboración entre este departamento e o concello de Sober e, a través do mesmo, dar cumprimento os fins propostos.

4.- MEMORIA ECONÓMICA

O convenio, implica a asunción dunha obriga económica para a Facenda autonómica de **douscentos setenta e nove mil novecentos trinta e oito euros con vinte e cinco céntimos (279.938,25 €)**, e coa seguinte estrutura de gasto:

Concepto	Importes en euros (con IVE)
Execucións de obra	245.000,00 €
H. de dirección de Obra	4.014,71 €
Honorarios de dirección de execucións de obra	4.014,71 €
Honorarios de coor. de Seguridade e Saúde	1.605,89 €
<u>Subtotal</u>	<u>254.635,31 €</u>
10% Previsión para cert. final obra (estimado)	24.500,00 €
10% Hon. Cert. Final (estimado)	401,47 €
10% Hon Dir. Exec. Obra (estimado)	401,47 €
<u>Subtotal para cert. Final (estimado)</u>	<u>25.302,94 €</u>
Total	279.938,25 €



En consecuencia, segundo o disposto na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, require a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela.

Documento asinado dixitalmente por María Encarnación Rivas Díaz, secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

